PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES

1. O OBXECTO DO CONTRATO

É Obxecto deste contrato a presentación do SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.
Durante as recollidas se proporcionará un control e manexo do animal que preserve a súa integridade e a da poboación.

Enténdese como animal abandonado aquel que circula libremente aínda que estea previsto de identificación oficial, se no prazo de 20 días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.

O adxudicatario deberá prestar o servizo según o establecido no Decreto 153/1998 do 2 de abril polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve a Lei 1/1993, de 13 de abril, da Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, e modificado polo Decreto 111/2010, de 24 de xuño.

Igualmente deberá contar cos permisos e autorizacións preceptivas para a realización das actividades.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os servizos a prestar terán como destinatarios animais que se atopen no termino municipal de Ames.

3. DESCRICIÓN DO CONTRATO

O servizo incluirá:

1.A lacería e custodia-canceira de animais abandonados/perdidos de forma ininterrompida as 24 horas do día, durante todos os días que dure o contrato, incluídos sábados, domingos e festivos.

2.A retirada de cadáveres e transporte á planta de tratamento autorizada para a súa incineración.

3.Sistema de adopción dos animais non reclamados polo seu dono.

4. PRESTACIÓN DO SERVIZO

A empresa adxudicataria destinará un número de teléfono operativo as 24 horas ao que se chamará para avisar dos servizos necesarios.

O adxudicatario realizará os servizos de recollida de animais abandonados/perdidos, e /ou de retirada de cadáveres, previo aviso por parte dos servizos técnicos do Concello ou da Policía Local no seu defecto.

A empresa adxudicataria realizará as recollidas dos animais abandonados e/ou retirada de cadáveres nos lugares programados expresamente polo Servizo de Medio Ambiente ou pola Policía Local.

O tempo de resposta deberá ser o máis rápido posible, facendo constar un tempo máximo

C.I.F.: P – 1500200 – I

de resposta non superior a unha hora.

No caso de que os animais recollidos non teñan propietario, unha vez pasados os 20 días establecidos na lexislación vixente, poderá ser dado en adopción.

No caso de que os cans e gatos abandonados recollidos teñan microchip, o lacero deberá dar aviso fehaciente ó propietario antes de levalo á canceira/instalación. No caso de non poderse contactar co propietario, o animal levarase á canceira correspondente, onde será retido como mínimo 20 días, podendo ser reclamado polo dono, previo pago dos gastos ocasionados se fose necesario. Se pasado o tempo legal establecido non é reclamado, poderá dárselle o destino máis conveniente, sendo a adopción a opción preferente.

En circunstancias especiais nas que se chegara a practicar a eutanasia deberá ser baixo criterio veterinario xustificado, a animais que se atopen en situacións urxentes, e que o seu estado sanitario ou etolóxico así o determine: (animais atropelados ou enfermos que non teñan salvación e non desfruten dun nivel de vida adecuado, animais que sufran enfermidades infectocontaxiosas de difícil curación ou tratamento e que poñan en perigo a saúde dos demais animais..)

Estes informes veterinarios serán entregados no Concello de Ames por rexistro de entrada.

5.INFRAESTRUTURA:

A empresa adxudicataria do servizo disporá das instalacións adecuadas para o aloxamento dos animais de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal, e deberán cumprir coa normativa vixente, e dispoñer de tódolos permisos e autorizacións necesarias. Contarán ademais con todos os medios físicos e humanos para dar un servizo de calidade: bozos, correas, lupas para gatos, lazos, gaiolas estáticas, gaiolas trampa, lector de microchip, vehículo tipo furgoneta ou similar, co equipamento axeitado para o traslado dos animais.

En relación ao persoal, o servizo será prestado por persoal cualificado, no que como mínimo se contará con persoal veterinario, así como con persoal autorizado para manexo e captura de animais.

6.COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DOS TRABALLOS

A empresa adxudicataria levará un rexistro actualizado de cada actuación, facendo entrega no departamento de Medio Ambiente dun parte por servizo que se poderá mandar vía email, e no que se especificará:

-Modalidade do servizo: servizo ordinario sen captura, servizo ordinario con captura, servizo con captura reclamado polo propietario, servizo de urxencia sen captura, servizo de urxencia con captura, ou recollida de cadáver.

Entenderase servizo de urxencia aquel que se realice calquera día laboral despois das oito da noite e antes das oito da mañá, ou ben aquel que se realice en día festivo.

-Data e hora do servizo
-Foto do animal
-Raza
-Sexo
-Capa
-Idade aproximada
-Lugar de recollida
-Nº de microchip
-Calquera outra observación ou aclaración necesaria.

Paralelamente a empresa adxudicataria presentará informes mensuais facendo constar os animais que están dispoñibles para adoptar, e aqueles que foron adoptados, permitindo ao Concello ter información actualizada de cada animal. Ao final de cada ano entregarase un

balance das entradas e saídas dos animais.

No caso de retirada dos cadáveres, a empresa adxudicataria entregará ao Concello copia da documentación xustificativa do tratamento recibido na planta autorizada para a súa xestión.